



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**1. Segundo o artigo 18.4 da Constitución Española de 1978 a lei limitará o uso da informática para garantir, entre outras cousas:**

- a) A seguridade da cidadanía
- b) A intimidade persoal e familiar da cidadanía
- c) O pleno exercicio dos deberes das persoas menores de idade.
- d) A protección de datos de carácter persoal

**2. O Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei 1/1981, de 6 de abril) ten carácter de Lei:**

- a) Marco
- b) Orgánica
- c) Ordinaria
- d) De harmonización

**3. Segundo o artigo 11 da Lei 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia cantos deputados pode ter o Parlamento de Galicia:**

- a) entre 50 e 60
- b) entre 60 e 80
- c) entre 40 y 60
- d) entre 50 y 80

**4. Segundo o artigo 8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia é:**

- a) Intanxible
- b) Renunciable
- c) Irrenunciable
- d) Funcional

**5. A delegación, segundo o artigo 9.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:**

- a) Será revogable en calquera momento polo órgano que a conferiu
- b) Non será revogable ata a finalización do procedemento delegado
- c) Será revogable pasados 6 meses dende o outorgamento
- d) Será revogable pasado 1 ano dende o outorgamento

**6. Cal dos seguintes non é motivo de abstención, segundo o artigo 23 da Lei 40/2015?:**

- a) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con calquera persoa interesada no procedemento
- b) Ter intervido como perito ou testemuño no procedemento de que se trate
- c) Ter relación de servizo con persoa interesada no asunto
- d) Ter cuestión litixiosa finalizada con persoa interesada



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**7. Conforme ao artigo 140 da Constitución Española de 1978, quen garante a autonomía dos municipios?**

- a) O Estado
- b) Os Poderes Públicos
- c) As Comunidades Autónomas
- d) A Constitución

**8. Segundo o artigo 1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, a entidade básica da organización territorial do Estado é:**

- a) A aldea
- b) O municipio
- c) A provincia
- d) A comunidade autónoma

**9. Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local son elementos do municipio:**

- a) O territorio, a poboación e a organización
- b) O termo municipal e a organización
- c) A corporación e os veciños
- d) A poboación e as competencias

**10. Segundo o artigo 122 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, cal é a función principal das comisións?**

- a) Aprobar os orzamentos municipais
- b) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno
- c) O deseño das actividades da alcaldía
- d) Emitir decretos municipais

**11. Segundo o artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cal dos seguintes é requisito para a adquisición da condición de funcionaria/o de carreira?**

- a) A realización dun contrato temporal
- b) A superación dun proceso selectivo
- c) Nomeamento directo pola alcaldía sen publicación en boletín oficial.
- d) Designación polo pleno da corporación sen toma de posesión.



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**12. Segundo o artigo 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais as transferencias de crédito**

- a) Serán reguladas polas entidades locais nas bases de execución do orzamento establecendo en cada caso o órgano competente para autorizalas
- b) Entre distintos grupos de función corresponderán á xunta de goberno
- c) Non se admiten en ningún caso
- d) Non poden ser realizadas polos organismos autónomos

**13. Cal é a idade mínima a partir da cal unha persoa menor de idade pode prestar o seu consentimento para o tratamento de datos segundo a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais?**

- a) 12 anos
- b) 13 anos
- c) 14 anos
- d) 16 anos

**14. Que artigo da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais regula o deber de confidencialidade no tratamento de datos persoais?**

- a) Artigo 4
- b) Artigo 6
- c) Artigo 7
- d) Artigo 5

**15. Que información deben publicar as administracións públicas segundo o artigo 6 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno?**

- a) Información persoal do funcionariado
- b) Información sobre os plans e programas anuais e plurianuais, así como o seu grao de cumprimento e resultados
- c) Información sobre as actividades recreativas das/os empregadas/os públicas/os
- d) Información confidencial da cidadanía

**16. Segundo o artigo 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que tipo de datos requiren consentimento expreso da persoa afectada para ser accedidos?**

- a) Datos persoais que revelen ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas
- b) Datos de contacto
- c) Datos educativos
- d) Datos financeiros



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**17. Segundo o artigo 12 do Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que acción debe levar a cabo a Xunta de Galicia para erradicar o sexismo no uso da linguaxe institucional?**

- a) Contratar persoal específico para a revisión de documentos
- b) Erradicar, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista do linguaxe no campo institucional
- c) Prohibir o uso de termos masculinos
- d) Empregar só termos neutros

**18. Que obriga establece o artigo 15 do Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para a Xunta de Galicia en relación coa igualdade nas novas tecnoloxías?**

- a) Proporcionar formación en novas tecnoloxías só a mulleres
- b) Prohibir o uso de tecnoloxías avanzadas
- c) Promover o acceso de mulleres e homes ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades
- d) Implementar sistemas de ciberseguridade exclusivamente para mulleres

**19. Cal dos seguintes elementos non está incluído dentro dun certificado dixital X.509?**

- a) Número de serie do certificado
- b) Algoritmo de firma
- c) Nome do emisor
- d) IP do emisor

**20. Cal das seguintes afirmacións sobre a Identificación Electrónica é correcta baixo o Regulamento eIDAS (Regulamento 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de xullo de 2014 relativo á identificación electrónica e servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior)?**

- a) Os estados membros da UE non están obrigados a recoñecer os medios de identificación electrónica emitidos por outros estados membros
- b) A identificación electrónica só pode ser utilizada por entidades gobernamentais
- c) Os medios de identificación electrónica notificados e conformes con eIDAS deben ser recoñecidos mutuamente polos estados membros
- d) A identificación electrónica está limitada a cidadáns e residentes permanentes da UE



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**21. Cal das seguintes licenzas de software de código aberto permite a modificación e redistribución do software, pero require que calquera traballo derivado se distribúa baixo a mesma licenza?**

- a) Licenza MIT
- b) Licenza GPL
- c) Licenza BSD
- d) Licenza Apache 2.0

**22. Que é un “fork” no contexto do software de código aberto?**

- a) Un erro no software que precisa ser corrixido
- b) Unha licenza que permite aos usuarios copiar e modificar o software
- c) A creación dun proxecto novo a partir do código fonte dun proxecto existente
- d) Un compoñente adicional que se pode engadir a un software existente

**23. Cal dos seguintes é un exemplo de esquema a nivel externo do modelo de referencia ANSI/SPARC?**

- a) Un índice de base de datos para mellorar a velocidade de acceso
- b) Unha vista personalizada que utiliza un usuario para consultar datos específicos
- c) A estrutura de almacenamento de ficheiros no disco duro
- d) Unha táboa de base de datos que almacena os datos dos empregados

**24. Cal é unha das principais funcións do nivel conceptual no modelo de referencia ANSI/SPARC?**

- a) Describir a estrutura lóxica completa da base de datos para a organización
- b) Proporcionar unha visión individual dos datos para cada usuario
- c) Definir as estruturas físicas de almacenamento
- d) Optimizar o rendemento das consultas

**25. Que é unha dependencia funcional no contexto do modelo relacional?**

- a) Unha relación un a un entre dúas táboas
- b) Un índice que mellore a eficacia das consultas
- c) Unha regra que define como os datos dunha táboa dependen dos datos doutra táboa
- d) Unha restrición que indica que o valor dun atributo determina de forma única o valor doutro atributo

**26. Cal é o principal resultado de normalizar unha relación da primeira forma normal á segunda forma normal?**

- a) A eliminación de todas as dependencias transitivas
- b) A eliminación de todas as dependencias funcionais parciais
- c) A creación de novas claves candidatas
- d) A conversión de todos os valores en valores atómicos



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**27. Cal dos seguintes compoñentes é esencial nunha política de retención de documentos?**

- a) Especificar o formato dos documentos electrónicos
- b) Definir o tempo durante o que se deben conservar os documentos antes da súa eliminación
- c) Garantir que todos os documentos sexan de acceso público
- d) Implantar ferramentas de compresión de ficheiros

**28. Cal dos seguintes métodos de minería de datos se usa para descubrir patróns frecuentes en conxuntos de datos transaccionais?**

- a) Regresión
- b) Clasificación
- c) Asociación
- d) "Clustering"

**29. Cal dos seguintes é un tipo común de operación OLAP que se usa para calcular totais, subtotais e outras agregacións sobre datos?**

- a) SUM
- b) AGREGATE
- c) GROUP
- d) ROLLUP

**30. Que funcións proporciona normalmente un CMS?**

- a) Edición colaborativa, control de versións e programación de tarefas
- b) Administración de bases de datos, análise de datos e xeración de informes
- c) Recopilación de códigos, deseño gráfico e desenvolvemento de aplicacións móbiles
- d) Planificación de recursos empresariales (ERP), xestión de relacións con clientes (CRM) e xestión de proxectos

**31. Que nivel de cumprimento ofrece o nivel AA das WCAG 2.1?**

- a) Conformidade parcial
- b) Conformidade total
- c) Conformidade básica
- d) Conformidade mellorada

**32. Cal dos seguintes modelos de ciclo de vida dos sistemas de información se caracteriza pola división do proxecto en distintas fases, con entregas definidas para cada fase e un enfoque na planificación detallada e na xestión de riscos?**

- a) Modelo en cascada
- b) Modelo en espiral
- c) Desenvolvemento rápido de aplicacións
- d) Modelo de prototipado



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**33. Cal é un dos principios fundamentais do Modelo de Desenvolvemento Rápido de Aplicacións?**

- a) Centrarse na planificación detallada e na xestión de riscos
- b) Entrega de versións do sistema en ciclos curtos e frecuentes
- c) Utilización intensiva de prototipos para validar os requisitos do sistema
- d) División do proxecto en diferentes fases con entregas definidas para cada fase

**34. Cal é un dos principais elementos engadidos no Modelo de Entidade-Relación Estendido (EER) en comparación co modelo entidade-relación básico?**

- a) Entidades débiles
- b) Atributos
- c) Relacións binarias
- d) Cardinalidade

**35. Cal é a finalidade principal da agregación no Modelo Entidade-Relación Estendido (EER)?**

- a) Agrupar entidades semellantes nunha única entidade
- b) Reducir a redundancia de datos na base de datos
- c) Permitir a representación de relacións entre relacións
- d) Facilitar a definición de subconxuntos de datos dentro dunha entidade

**36. Que nivel de detalle se espera habitualmente nun diagrama de fluxo de datos (DFD) de nivel 0?**

- a) Detalles específicos da implantación do sistema
- b) Unha visión xeral do sistema e dos seus principais compoñentes
- c) Descricións detalladas de procesos e fluxos de datos
- d) Unha lista completa de todas as entidades e atributos do sistema

**37. Que se entende por cohesión no contexto do deseño de software?**

- a) A medida en que os compoñentes dun sistema están relacionados e dependentes entre si
- b) A capacidade dun sistema para resistir os cambios e adaptarse ás novas tecnoloxías
- c) A medida en que se pode reutilizar un módulo en diferentes partes dun sistema
- d) A medida en que un módulo realiza unha única tarefa ou unha función específica

**38. Cal é a principal diferenza entre null e undefined en JavaScript?**

- a) null representa a ausencia dun valor asignado intencionalmente, mentres que undefined indica a ausencia dun valor asignado ou non inicializado
- b) null indica un valor nulo ou baleiro, mentres que undefined representa un valor indefinido
- c) null é un tipo de datos primitivo, mentres que undefined é un obxecto especial en JavaScript
- d) null e undefined son equivalentes e pódense usar indistintamente en calquera contexto

**39. Que realiza a función explode() en PHP?**

- a) Divide unha cadea de texto en partes baseándose nun delimitador e devolve un array
- b) Une elementos dun array nunha única cadea de texto
- c) Substitúe parte dunha cadea de texto por outra cadea
- d) Elimina os espazos en branco ao principio e ao final dunha cadea de texto

**40. Que é unha rede neuronal recorrente (RNN) e cal é unha das súas aplicacións comúns?**

- a) Unha rede que procesa datos en paralelo e que se utiliza para o recoñecemento de obxectos en imaxes
- b) Unha rede que utiliza conexións bidireccionais e que se aplica a problemas de series temporais, como o procesamento da linguaxe natural
- c) Unha rede que utiliza conexións densas e que se utiliza en problemas de clasificación de textos
- d) Unha rede que utiliza capas de convolución e que se utiliza para a segmentación de imaxes

**41. Segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das AAPP (Art.38), as sedes electrónicas utilizarán, para identificarse e garantir unha comunicación segura coas mesmas:**

- a) Calquera sistema de identificación electrónica que cumpra un conxunto de requisitos de seguridade mínima establecidos regulamentariamente.
- b) Certificados SSL ou equivalente
- c) Certificados avanzados de autenticación de sitio web ou medio equivalente
- d) Certificados recoñecidos ou cualificados de autenticación de sitio web ou medio equivalente

**42. O sistema de interconexión de rexistros (SIR) entre administracións públicas correspóndese con nivel de interoperabilidade:**

- a) Técnico
- b) Organizativo
- c) Semántico
- d) Interno

**43. Cal dos seguintes NON forma parte do sistema Cl@ve de identificación, autenticación e sinatura electrónica para os cidadáns?**

- a) DNle e certificado electrónico
- b) Cl@ve PIN e Cl@ve permanente
- c) DNle/certificado electrónico, Cl@ve PIN e Cl@ve permanente
- d) DNle/certificado electrónico, Cl@ve PIN, Cl@ve permanente e acceso de cidadáns europeos a través do nodo eIDAS

**44. O Real Decreto 311/2022 do 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) establece que un sistema de información será de categoría ALTA:**

- a) Se así se establece na Política de seguridade, con independencia do que se determine para cada dimensión
- b) Unicamente para sistemas que traten datos de carácter persoal de nivel alto segundo o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD).
- c) Se en todas as súas dimensións de seguridade acada o nivel ALTO
- d) Se algunha das súas dimensións de seguridade acada o nivel ALTO

**45. En relación coas dimensións da seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), cal das seguintes afirmacións é a correcta?**

- a) As dimensións establécense na Política de seguridade
- b) Cinco dimensións: confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, e resiliencia
- c) Tres dimensións: confidencialidade, integridade e dispoñibilidade, en consonancia coa ISO 27001
- d) Cinco dimensións: dispoñibilidade, confidencialidade, integridade, trazabilidade e autenticidade

**46. Respecto á interoperabilidade, os aspectos relativos á publicación de servizos a través da Rede de comunicacións das AAPP (Rede SARA), coas condicións asociadas; a utilización de nodos de interoperabilidade; e o mantemento de inventarios de información administrativa, corresponde á:**

- a) Interoperabilidade organizativa
- b) Interoperabilidade técnica
- c) Interoperabilidade semántica
- d) Interoperabilidade integral

**47. Segundo as normas técnicas de interoperabilidade, NON forman parte do catálogo de estándares:**

- a) Documento electrónico
- b) Política de sinatura electrónica e de certificados da Administración
- c) Procedementos de copiado auténtico e conversión entre documentos electrónicos.
- d) Protocolo de intermediación de datos entre a Administración e as entidades privadas



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**48. A plataforma de intermediación de datos do Estado utiliza o protocolo:**

- a) SCSPv3
- b) SVDv3
- c) PIDv3
- d) PID/XML

**49. Entre os dereitos que o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) permite exercer ao interesado ante o responsable do tratamento dos seus datos, NON se atopa:**

- a) A rectificación ou supresión
- b) A cesión dos datos a outras Administracións
- c) A limitación do seu tratamento
- d) A portabilidade dos datos

**50. Atendendo á lexislación en materia de protección de datos, a utilización de cámaras para visualización en tempo real, sen que se realice a gravación de imaxes:**

- a) Non constitúe un tratamento de datos persoais, polo que non é de aplicación a normativa de protección de datos
- b) Constitúe un tratamento de datos persoais unicamente se a calidade da imaxe é tal que permite identificar a persoas a través dos rasgos faciais
- c) Constitúe un tratamento de datos persoais, pero ao non incluír un ficheiro, son unicamente de aplicación as normas que regulamentariamente se establezan para os sistemas de visualización
- d) Considérase igualmente un tratamento, debendo constar no Rexistro de actividades de tratamento, sendo de aplicación a normativa sobre protección de datos persoais, sen prexuízo das específicas para os sistemas de visualización

**51. Entre as funcións que como mínimo asigna o RGPD (Art.39) ao delegado de protección de datos, NON se atopa:**

- a) Informar e asesorar ao responsable ou ao encargado do tratamento e aos empregados
- b) Ofrecer asesoramento que se lle solicite acerca das avaliacións de impacto
- c) Xestionar e manter actualizado o rexistro de actividades de tratamento
- d) Actuar como punto de contacto da autoridade de control

**52. Cal dos seguintes NON é un formato vectorial utilizado polos sistemas de información xeográfica?**

- a) Shapefile
- b) CSV / GeoCSV
- c) GeoPackage
- d) ECW



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**53. Na metodoloxía áxil Scrum, que rol é responsable de maximizar o valor do produto e xestionar o seu backlog?**

- a) Scrum Master
- b) Product Owner
- c) Desenvolvedor
- d) Stakeholder

**54. Que técnica da metodoloxía Métrica v3 se utiliza para a planificación detallada das actividades de desenvolvemento?**

- a) Análise DAFO.
- b) Diagrama de PERT
- c) Diagrama de Ishikawa.
- d) Análise de regresión.

**55. En UML, que tipo de relación se utiliza para representar a herdanza entre dúas clases?**

- e) Agregación
- f) Xeralización
- g) Composición
- h) Asociación

**56. Cal dos seguintes patróns de deseño pertence á categoría de patróns creacionais?**

- a) Observer
- b) Strategy
- c) Decorator
- d) Singleton

**57. Cal dos seguintes diagramas UML é útil para modelar a interacción entre obxectos e amosar como se comunican mediante mensaxes?**

- a) Diagrama de secuencia
- b) Diagrama de clases
- c) Diagrama de casos de uso
- d) Diagrama de estado

**58. Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación cos protocolos H.323 e SIP?**

- a) H.323 é un protocolo máis simple e flexible que SIP
- b) H.323 foi establecido polo ITU a partir do estándar de mercado SIP
- c) SIP é un subconxunto do estándar H.323 que se centra no inicio de sesión
- d) H.323 é máis axeitado para videoconferencias empresariais e de alta gama, e SIP para VoIP



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**59. En IPv6, os enderezos teñen unha lonxitude de:**

- a) 8 bytes
- b) 16 bytes
- c) 32 bytes
- d) 16 ou 32 bytes segundo o tipo de paquete

**60. ICMP é un protocolo de:**

- a) Transporte
- b) Enlace
- c) Aplicación
- d) Rede

**61. Cal dos seguintes NON é un estándar ou protocolo para xestionar a identidade e autenticación utilizado tipicamente por un sistema MDM?**

- a) OMA DM
- b) SAML
- c) OAuth
- d) Kerberos

**62. Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa identidade e autenticación?**

- a) A administración de identidades federadas e o single-sign-on (SSO) son o mesmo
- b) O single-sign-on (SSO) acádase á través da administración de identidades federadas
- c) O single-sign-on (SSO) permite o acceso cun único inicio de sesión a aplicacións de varios provedores, e a administración de identidades federadas a contornas dun único provedor
- d) O single-sign-on (SSO) pode considerarse unha funcionalidade específica da administración de identidades federadas

**63. Cal das seguintes NON forma parte do modelo normalizado de capas da plataforma de cidades intelixentes na UNE 178104?**

- a) Capa de adquisición/interconexión
- b) Capa de soporte á decisión
- c) Capa de coñecemento
- d) Capa de interoperabilidade

**64. Cal é o nivel de calidade de servizo (QoS) máis alto en MQTT?**

- a) QoS 0 (At most once)
- b) QoS 1 (At least once)
- c) QoS 2 (Exactly once)
- d) Non hai niveis de QoS en MQTT



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**65. Para asegurar un dimensionamento eficiente nun sistema de información, que técnica se utiliza para estimar a carga futura baseada na análise da carga actual e tendencias de crecemento?**

- a) Benchmarking
- b) Análise de series temporais
- c) Simulación de Monte Carlo
- d) Análise SWOT

**66. Cal das seguintes é una vantaxe clave de utilizar unha arquitectura de microservizos nun sistema de información?**

- a) Menor complexidade no despliegue de aplicacións
- b) Facilita a escalabilidade horizontal
- c) Reduce a necesidade de probas de integración
- d) Simplifica a xestión de transaccións distribuídas

**67. Cal dos seguintes estándares se utiliza para describir a interface de servicios web?**

- a) SOAP
- b) OpenAPI
- c) REST
- d) gRPC

**68. Para cal dos seguintes aspectos ou obxectivos non é DOCKER a mellor opción para un despregamento baseado en contedores?**

- a) Simplicidade
- b) Escalabilidade
- c) Portabilidade
- d) Illamento

**69. Que tipo de análise de datos se realiza nun SIEM para identificar patróns de comportamento normais e detectar desviacións que poidan indicar unha actividade maliciosa?**

- a) Análise de correlación
- b) Análise de anomalías
- c) Análise heurístico
- d) Análise de tendencias

**70. Cal dos seguintes modelos de servizo na nube ofrece ós usuarios a capacidade de executar aplicacións nun entorno completamente xestionado polo provedor da nube, con acceso a recursos informáticos, almacenamento e redes a través dunha interface de programación de aplicacións (API)?**

- a) IaaS (Infrastructure as a Service)
- b) PaaS (Platform as a Service)
- c) SaaS (Software as a Service)
- d) FaaS (Function as a Service)



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**71. Cando falamos de “clustering horizontal” estámonos referindo a:**

- a) Despregar un clúster en modo activo/pasivo
- b) Adición de máis recursos a unha soa instancia ou nodo para mellorar a súa capacidade
- c) Adición de máis instancias idénticas de recursos, como servidores ou nodos
- d) Despregar un clúster en modo activo/activo

**72. Cal dos seguintes escenarios sería máis axeitado para implementar unha solución NAS en lugar dunha SAN?**

- a) Un entorno onde se requira unha alta taxa de transferencia de datos entre servidores
- b) Un entorno onde múltiples usuarios necesiten acceder aos mesmos arquivos compartidos
- c) Un entorno onde se requira un almacenamento de baixa latencia para aplicacións críticas
- d) Un entorno onde se precise unha escalabilidade masiva para almacenar grandes volúmenes de datos

**73. Cando falamos de “backup” síncrono e “backup” continuo:**

- a) O síncrono traballa a nivel de bloque e o continuo a nivel de arquivo
- b) O continuo traballa a nivel de bloque e o síncrono a nivel de arquivo
- c) Ambos poden traballar a nivel de bloque e a nivel de arquivo
- d) Ningún dos dous traballa a nivel de bloque

**74. Que técnica de monitorización de sistemas se utiliza para recompilar e analizar datos de rendemento do sistema operativo, como a utilización da CPU, a memoria e o almacenamento, coa fin de identificar cuellos de botella e optimizar o rendemento?**

- a) Syslog
- b) WMI (Windows Management Instrumentation)
- c) SNMP (Simple Network Management Protocol)
- d) RMON (Remote Monitoring)

**75. Que versión de SNMP admite cifrado de datos?:**

- a) SNMPv2c
- b) SNMPv3
- c) SNMPv4
- d) SNMPv4c

**76. Que estándar de metadatos se utiliza comunmente para describir conxuntos de datos abertos, proporcionando información sobre a súa orixe, contido e estrutura?**

- a) XML
- b) RDF
- c) JSON
- d) Dublin Core



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**77. Que nivel xerárquico dun sistema de información se ocupa da planificación a medio prazo e a implementación de estratexias definidas pola alta dirección en áreas específicas da organización?**

- a) Nivel xerencial
- b) Nivel táctico
- c) Nivel estratéxico
- d) Nivel operativo

**78. Cal das seguintes é unha das funcións dun SAI?:**

- a) Compensación do factor de potencia
- b) Protección contra sobrecarga prolongada
- c) Filtrado de ruído eléctrico
- d) Acondicionamento de enerxía a longo prazo

**79. Cal dos seguintes é o estándar IEEE que define o protocolo de etiquetado de VLAN?**

- a) IEEE 802.1X
- b) IEEE 802.1Q
- c) IEEE 802.16
- d) IEEE 802.11

**80. Que característica distingue a un sistema de arquivos ext4 do seu predecesor, ext3?**

- a) Soporte para arquivos de máis de 2 terabytes
- b) Diario de transaccións para unha recuperación máis rápida
- c) Compresión de datos en tempo real
- d) Sistema de arquivos en rede para compartir arquivos a través de LAN

**81. Que comando de Linux se utiliza para cambiar o contexto de seguridade de SELinux dun arquivo ou directorio?**

- a) selcontext
- b) semanage
- c) setype
- d) chcon

**82. ¿Cal das seguintes opcións describe mellor o propósito dun servidor de federación nunha implementación de Active Directory Federation Services (AD FS)?**

- a) Almacena e administra credenciais de usuario para o acceso a recursos de rede
- b) Actúa como un punto de autenticación central para todos os usuarios no dominio de Active Directory
- c) Facilita a autenticación SSO entre organizacións
- d) Proporciona servizos de directorio para a busca e recuperación de información de usuarios e grupos



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**83. Que comando se utiliza para mostrar información detallada sobre o hardware do sistema en Linux?**

- a) sysinfo
- b) hwinfo
- c) lshw
- d) hdw

**84. Cal é una desvantaxe potencial de implementar un Firewall de Aplicación?**

- a) Require unha gran cantidade de recursos de hardware
- b) Pode ser facilmente eludido por atacantes expertos
- c) Introduce latencia significativa na rede
- d) Limita a escalabilidade da infraestrutura da rede

**85. Cal das seguintes é unha limitación común dos WAF que os administradores deben considerar?**

- a) Non poden filtrar tráfico HTTP
- b) Son incapaces de bloquear ataques DDoS
- c) Poden xerar falsos positivos e bloquear tráfico lexítimo
- d) Non ofrecen protección contra malware en arquivos

**86. Cal das seguintes opcións describe mellor unha estratexia de “backup” 3-2-1?**

- a) Tres copias de seguridade, dúas almacenadas no mesmo dispositivo e unha nun servidor remoto
- b) Tres copias de seguridade almacenadas en tres dispositivos diferentes, dúas no mesmo sitio e unha en un sitio remoto
- c) Tres copias de seguridade, una nunha ubicación física e dúas na nube
- d) Unha copia de seguridade completa e dúas copias de seguridade diferenciais



CONCELLO DE  
SANTIAGO

*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

### PREGUNTAS DE RESERVA

**1. Cal é unha clave primaria no deseño de bases de datos lóxicas?**

- a) Un atributo que pode tomar varios valores nunha relación
- b) Un conxunto de atributos que identifica de forma única cada tupla nunha relación
- c) Un atributo que só pode tomar un valor específico dun conxunto predefinido
- d) Un conxunto de atributos que permite a identificación de tuplas noutras relacións

**2. Que técnica se usa habitualmente para xerar unha sinatura dixital nun documento ou mensaxe?**

- a) Algoritmos de cifrado simétrico
- b) Algoritmos de compresión de datos
- c) Algoritmos de hashing
- d) Algoritmos de cifrado asimétrico

**3. Que papel desempeña a MIB (Management Information Base) no contexto do protocolo SNMP, e cal é súa principal característica distintiva en relación coa monitorización de sistemas?**

- a) A MIB proporciona unha descrición da topoloxía da rede e a asignación de direccións IP, o que facilita a identificación de dispositivos e a súa ubicación na rede.
- b) A MIB almacena unha ampla gama de datos relacionados co tráfico de rede, incluídos os paquetes transmitidos, recibidos e rexeitados, permitindo unha análise detallada do rendemento da rede.
- c) A MIB define unha estrutura xerárquica de obxectos xestionados e os seus atributos, o que proporciona unha interface estándar para acceder e xestionar información sobre dispositivos de rede e sistemas informáticos.
- d) A MIB actúa como unha base de datos centralizada para almacenar rexistros de eventos do sistema, como erros de hardware, fallas do software e actividades sospeitosas, permitindo unha análise forense exhaustiva en caso de incidentes de seguridade.

**4. Cal das seguintes tecnoloxías de virtualización de servidores utiliza un hipervisor tipo 1, que se executa directamente sobre o hardware físico do servidor, proporcionando unha maior eficiencia e rendemento en comparación cos hipervisores tipo 2?**

- a) VMware Workstation
- b) Oracle VirtualBox
- c) Microsoft Hyper-V
- d) QEMU



*Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de informática (Subgrupo A2). Oposición libre.*

*Data 13 de xuño de 2024*

**5. Que é un "edge device" no contexto de IoT?**

- a) Un dispositivo que proporciona servizos de almacenamento na nube
- b) Un dispositivo que se atopa ao final dunha rede de IoT e que recompila e procesa datos preto da fonte de datos
- c) Un sensor que recompila datos sen realizar ningún procesamento adicional
- d) Un servidor que almacena de xeito centralizado grandes cantidades de datos procedentes de dispositivos IoT

**6. Cal dos seguintes estándares de seguridade en redes inalámbricas non ten vulnerabilidades coñecidas?**

- a) WEP dinámico
- b) WEP
- c) WPA con AES
- d) WPA-PSK con TKIP

**7. Cal dos seguintes é un estándar común para describir e documentar servizos web RESTful?**

- a) WSDL (Web Services Description Language)
- b) SOAP (Simple Object Access Protocol)
- c) OpenAPI (anteriormente Swagger)
- d) UDDI (Universal Description, Discovery, and Integration)

**8. Contra as resolucións adoptadas en materia de recusación do artigo 24 da Lei 40/2015:**

- a) Non caberá recurso
- b) Caberá recurso de alzada
- c) Caberá recurso de reposición
- d) Caberá recurso extraordinario de revisión

**9. Son órganos obrigatorios en todos os Concellos segundo establece o artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local :**

- a) Pleno, Alcalde e Tenentes de Alcalde
- b) Pleno, Alcalde e Comisións
- c) Pleno, Alcalde e Xunta de Goberno
- d) Pleno, Alcalde e Secretario Xeral

**10. Segundo o artigo 100 do Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que deben incluír os plans de programación do tempo das cidades?**

- a) Unha reorganización completa das actividades comerciais
- b) Medidas para a coordinación de horarios das actividades económicas e sociais, tendo en conta as necesidades de conciliación da vida laboral e familiar
- c) Unha restrición das actividades nocturnas
- d) A eliminación das diferenzas horarias entre xéneros